



PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XGL

A Xunta de Goberno Local é un órgano de existencia obrigatoria neste Concello de conformidade co establecido no artigo 126 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, no artigo 59.2-b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 19 e ss. do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra.

O Pleno a través do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, de conformidade co artigo 211 da Lei 5/1997, fixou no seu artigo 23.6 a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local con carácter semanal.

Polo tanto a vista da facultade legal prevista na lexislación de réxime local, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra reunirse, en sesión ordinaria, tódolos luns de cada semana ás 10 horas; se o día sinalado fose inhábil a sesión ordinaria celebrárase ó día seguinte hábil e a mesma hora.

Segundo.- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós señores Concelleiros interesados dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Pontevedra, 13 de xuño de 2015

O Alcalde

Miguel A. Fernández Lores